

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2023/11	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	3 de agosto de 2023
Duración	Desde as 21:05 ata as 21:45 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN (Alcalde acctal. Por Decreto de delegación n.º 2023-1125)
Secretaria acctal.	MARIA JOSEFA MARTINEZ BARROS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (Informático)	SÍ
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	NON
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	NON
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
[REDACTED]	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
[REDACTED]	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ



██████████	MARIA JOSEFA MARTINEZ BARROS (Secretaria acctal)	SÍ
██████████	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	SÍ
██████████	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
██████████	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
██████████	MARÍA CARMEN MORILLO RODRÍGUEZ (Interventora)	NON
██████████	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	NON
██████████	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
██████████	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
██████████	VANESA IGLESIAS CASAL	SÍ
██████████	XOÁN REYES VILLAR	SÍ
<p>Escusas de asistencia presentadas: 1. JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS: «Decreto de Delegación de competencias nº 2023-1125»</p>		

Unha vez verificada pola secretaria accidental a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 6 DE XULLO DE 2023	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 6 de xullo de 2023, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente en funcións a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.</p>	

Expediente 4552/2023. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 45/2023.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0
<p>Concédeselle a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, D. Alberto M. Blanco</p>	



Carracedo, quen explica que estamos ante a proposta de aprobación do expediente de crédito extraordinario nº 1/A/2023 financiado mediante anulacións e baixas doutras partidas orzamentarias co obxectivo da dar cumprimento á actividade de fomento a través da concesión de subvencións nominativas as entidades de carácter social, cultural e económico por importe total de 80.319,00 euros.

Informa que consta no expediente as entidades beneficiarias, así como a relación das partidas do orzamento de onde proceden as baixas co fin de financiar estas actuacións.

Pide a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, quen, en primeiro lugar, quere facer un especial nomeamento a un ex compañeiro dunha anterior corporación, D. Manuel Rodríguez González, por mor do seu recentemente falecemento, transmitindo o seu pésame á familia e amigos; así mesmo, transmite un recordo para os familiares e amizades de Dna. Solicita Duro, alcaldesa de barrio que adicou o seu traballo e tempo para mellorar a vida dos veciños e veciñas estradenses.

Centrándose no asunto a tratar, di que estamos ante un expediente de modificación de crédito debido a inexistencia dun Orzamento municipal para o actual exercicio, considerando necesario que o grupo de goberno explique o por que este documento non foi elaborado, lembrando que xa van dous exercicios que estamos con orzamentos prorrogados, o que deixa constancia da incapacidade para elaborar un Orzamento en condicións, tempo e forma, a pesares de ter maioría absoluta, en contra do tempo que si tiveron para elaborar as dedicacións exclusivas e parciais e, incluso, para ir de vacacións. Considera tamén que o grupo de goberno debería de dar explicacións sobre o por que traen o expediente en estas condicións, facendo unha modificación orzamentaria e incorporando unicamente unha parte dos colectivos que se benefician das subvencións nominativas, faltando 262.219 euros para meter como modificacións de crédito.

Polo dito, comunica que o seu grupo se absterá na votación desta proposta xa que non queren ser un obstáculo para que as entidades incluídas neste expediente cobren as súas respectivas subvencións, recomendando ao grupo de goberno que, de cara ao ano que ben, elaboren o orzamento en tempo e forma.

Toma a palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, **D. Xoán Reyes Villar**, manifestado a abstención do seu grupo por parecerlle triste que o grupo de goberno non sexa capaz de aprobar uns orzamentos, esperando que para o vindeiro exercicio teñan a capacidade de elaboralos.



Intervén a voceira do grupo Mixto (MOVETE), **Dna. Mar Blanco Casais**, para dicir que entende que unha das funcións principais do grupo de goberno é a elaboración dos orzamentos en tempo e forma, polo que non entende porque este ano non temos Orzamento, algo que preguntou en sede plenaria varias veces sen recibir unha resposta clara, polo que considera que non hai ningunha xustificación seria para que un grupo de goberno con maioría absoluta non elabore un Orzamento en tempo e forma, salvo a irresponsabilidade e deixadez para poñerse a traballar nun instrumento para mellorar a xestión municipal. Ao dito quere engadir que se rompan as vellas dinámicas e que na elaboración do Orzamento para o ano 2024 se ofrezca aos grupos da oposición a opción de participar.

Continúa dicindo que, por responsabilidade política coa nosa veciñanza e asociacións, vai a ofrecer o seu apoio á aprobación deste expediente, xa que as entidades beneficiarias levan moito tempo esperando a que se aproben estas subvencións, o que xustifica o seu voto a favor.

Pide a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, para agradecer a mención aos antigos membros do Partido Popular falecidos, sumándose todos os membros da corporación ao pésame e solidarizándose coas familias e amigos.

En canto ao Orzamento para o exercicio 2023, xa se explicou no último Pleno as circunstancias que impediron a súa elaboración; e, neste momentos, xa se está traballando no do vindeiro ano 2024.

Finalmente, agradece ao grupo Mixto (MOVETE) o seu voto favorable para a aprobación do expediente que se está a tratar, apoiando as subvencións nominativas a diversas asociacións, porque unha abstención é quedar entre dúas augas e non facer nada.

Volve a intervir o **Sr. López Bueno** lembrando que non se responderon ás dúas preguntas feitas na súa anterior intervención, a pesares de que hoxe, na emisora municipal, dixo que ía a responder a todas as preguntas que se lle formularan.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose, polos votos a favor dos grupos municipais do Partido Popular e Mixto (MOVETE) e as abstencións dos grupos do Partido Socialista e BNG, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Memoria asinada polo Concelleiro delegado de Facenda de data 20/07/2023.

Visto que, por Providencia da Alcaldía de 20/07/2023, foi incoado o expediente número 1/A/2023 financiado mediante anulacións o baixas de créditos de outras partidas do orzamento non comprometidas, ante a urxente e inaprazable



necesidade, co obxecto de dar cumprimento á actividade de fomento a través da concesión de subvencións nominativas as entidades de carácter social, cultural e económico por importe total de 80.319,00 euros.

Visto que o expediente ten carácter urxente e non pode demorarse até o exercicio seguinte.

Visto o informe emitido pola Intervención municipal de data 20/07/2023.

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda, de data 21/07/2023, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto o ditame adoptado pola Comisión informativa de Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o 27/07/2023.

Visto o disposto no artigo 177 do TRLRFL aprobado polo R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo; no artigo 35 do RD 500/1990, de 20 de Abril.

E, tendo en conta o debatido nesta sesión, se adopta, por maioría, os seguintes **ACORDOS:**

Primeiro.- Aprobar o expediente de crédito extraordinario número 1/A/2023 (modificación orzamentaria número 45/2023) financiado mediante anulacións o baixas de créditos de outras partidas do orzamento non comprometidas, cuxas dotacións se estiman reducibles sen perturbación do respectivo servizo., por importe total de 80.319,00 euros, de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicacións do orzamento de gastos que se dota de crédito extraordinario (80.319,00 euros):

CRÉDITO EXTRAORDINARIO

APLICACIÓN ORZAMENTARIA DESCRIPCIÓN IMPORTE/€

231.0.489.10 SUBVENCIÓN NOMINATIVA. ASOCIACIÓN PARA EL CRECIMIENTO Y ORIENTACIÓN EN FAMILIA (ACROFAM)5.000,00

231.0.489.12 SUBVENCIÓN NOMINATIVA. CÁRITAS PARROQUIAL A ESTRADA (DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA)4.500,00

323.1.489.01 SUBVENCIÓN NOMINATIVAS ANPAS21.319,00

330.489.03 SUBVENCIÓN NOMINATIVA. COFRADÍA DA SANTA CRUZ3.000,00

330.489.04 SUBVENCIÓN NOMINATIVA. ASOCIACIÓN RAPA DAS BESTAS SABUCEDO18.000,00

432.489.05SU BVENCIÓN NOMINATIVA. ASOC.VECIÑOS NOVO CENTRO DE



BERRES7.000,00

433.489.00 SUBVENCIÓN NOMINATIVA. ASOC. COMERCIANTES DA ESTRADA
(A.C.O.E.) 15.000,00

433.489.05 SUBVENCIÓN NOMINATIVA. ASOCIACIÓN DE PLACEROS1.500,00

433.489.06 SUBVENCIÓN NOMINATIVA. ASOCIACIÓN HOSTELEIROS DA
ESTRADA5.000,00

TOTAL CREDITO EXTRAORDINARIO...80.319,00€

2.- Baixas de créditos do orzamento de gastos non comprometidas (80.319,00€)

BAIXAS DE CRÉDITO

CONCEPTO DESCRIPCIÓN IMPORTE

132.121.01 RETRIBUCIÓNS COMPLEMENTARIAS.(ESPECIFICO) PERSOAL
FUNCIONARIO POLICÍA LOCAL10.319,00

151.1.120.01 UNIDADE TÉCNICA ÁREA URBANISMO. SOLDOS DO GRUPO
A210.000,00

151.1.130.00 RETRIBUCIÓNS PERSOAL LABORAL FIXO UNIDADE TÉCNICA
URBANISMO30.000,00

151.4.120.04 OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS. SOLDOS DO GRUPO C210.000,00

151.4.120.05 OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS. SOLDOS DO GRUPO E10.000,00

151.5.130.00 PERSOAL LABORAL FIXO MANT INST.MUNICIPAIS A.
URBANISMO10.000,00

TOTAL BAIXA DE CRÉDITOS 80.319,00€

Segundo.- Aprobar o seguinte Anexo de subvencións nominativas do exercicio
2023:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA BENEFICIARIO IMPORTE/€

231.0.489.10 ASOCIACIÓN PARA EL CRECIMIENTO Y ORIENTACIÓN EN FAMILIA
(ACROFAM)5.000,00

231.0.489.12 CÁRITAS PARROQUIAL A ESTRADA (DIOCESANA DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA)4.500,00

323.1.489.01 A.N.P.A. PEREZ VIONDI6.514,00

323.1.489.01 A.N.P.A. FIGUEROA3.500,00

323.1.489.01 A.N.P.A. O FOXO6.805,00

323.1.489.01 A.N.P.A. VILLAR PARAMÁ1.980,00



323.1.489.01 A.N.P.A. CABADA VÁZQUEZ 2.520,00
330.489.03 COFRADÍA DA SANTA CRUZ 3.000,00
330.489.04 ASOCIACIÓN RAPA DAS BESTAS SABUCEDO 18.000,00
432.489.05 ASOC. VECIÑOS NOVO CENTRO DE BERRES 7.000,00
433.489.00 ASOC. COMERCIANTES DA ESTRADA (A.C.O.E.) 15.000,00
433.489.05 ASOCIACIÓN DE PLACEROS 1.500,00
433.489.06 ASOCIACIÓN HOSTELEIROS DA ESTRADA 5.000,00

Terceiro.- O expediente de modificación de crédito 1/A/2023 e o Anexo de Subvencións, que se aproban inicialmente, expóranse ó público por espazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do Concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboeiro de anuncios da Corporación Municipal, prazo no que os interesados poderá examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do RDL 2/2004 de 5 marzo polo que se aproba o TRLRHL e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de Abril.

Cuarto.- Este expediente de modificación de créditos considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Expediente 1033/2023. DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 2023-1029 DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2022

Visto o Decreto da Alcaldía nº 2023-1029, do 18 de xullo, polo que se aproba a liquidación do Orzamento do exercicio 2022.

Visto o informado pola Intervención municipal con data do 10/07/2023 sobre a tramitación do expediente de liquidación do orzamento e de conformidade co establecido no art. 90.2 do R.D. 500/1990 e 174.4 da L.R.F.L.

DÁSE CONTA:

Do Decreto da Alcaldía 2023-1029, do 18 de xullo polo que se aproba a liquidación do orzamento municipal 2022.





DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS DO 3 AO 14 DE XULLO DE 2023

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 3 ao 14 de xullo de 2023 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2023-0926 ao número 2023-1021 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

O voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, quere formular algunha cuestión sobre o punto de dación de conta do Decreto de aprobación da Liquidación do Orzamento do exercicio 2022.

O **Sr. Presidente** en funcións lle informa que, por ser unha dación de conta, non hai lugar a debate.

O **Sr. López Bueno** lembra que noutras ocasións se lles dera información sobre este expediente, así como a posibilidade de intervir, pero se o grupo de goberno decide que nesta ocasión non hai lugar, pois non pasa nada.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Intervén o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, para demandar o mal estado no que se atopan as piscinas municipais e a praia fluvial, de feito os aseos desta última están nun estado insalubre, así como elementos de xogo infantís precintados e, na piscina, unha ducha precintada tamén; polo que prega que se fagan actuacións urxentes para a adecuación e conservación destas zonas de ocio.

En canto ao vial que comunica A Estrada con Santiago, a Xunta de Galicia non fixo traballos de desbroce ocasionando un perigo para os condutores que se incorporan a esa estrada, polo que roga que dende o Concello se poñan en contacto co organismo autonómico para que procedan a efectuar a limpeza e desbroce desta estrada.

Con motivo do último accidente automobilístico que houbo á altura de “García



Lorenzo”, é necesario que a Xunta de Galicia tome medidas para eliminar este punto negro.

En relación co anuncio do grupo de goberno sobre que a finais deste ano se ía a sacar adiante a contratación do servizo de recollida de lixo, pregunta como está a tramitación deste expediente e se se van a cumprir os prazos marcados para elo.

Contesta o **Alcalde accidental**, en relación ao estado das piscinas municipais e da praia fluvial, que se vai a encargar para que se proceda ao arranxo de todos os problemas existentes.

En canto á necesidade de desbroce da estrada a Santiago e do problema do punto negro á altura de “García Lorenzo”, informa que xa se puxo en contacto coa Xunta de Galicia no día de onte, en concreto cos responsables de mantemento de estradas, para solucionar ambos problemas, lembrando que fai anos se fixera unha actuación nese punto de risco de accidentes, pero terán que reforzala con outro tipo de medidas.

Sobre o tema da recollida de lixo, di que se está a traballar neste expediente, tan só queda algúns puntos por rematar, tal como a inclusión do Punto Limpo, asegurando que ao longo deste ano se sacará a licitación.

Continúa o **Sr. López Bueno** trasladando que os veciños de O Barco, parroquia de Couso, lle comunicaron que se puxeron en contacto co Concello para pedir unha serie de traballos para a mellora de varias pistas neste lugar, polo que pregunta sobre as actuacións previstas nesta zona.

En relación ao Novo Mercado, di que lle preocupa que esta infraestrutura estea infrautilizada, de feito entre semana non hai case negocios abertos, polo que pregunta se o goberno municipal ten pensado facer algo con esta instalación para darlle un mellor funcionamento por ser un elemento dinamizador da nosa economía.

O **Sr. Alcalde accidental** informa que hoxe foron adxudicacións dous contratos para acometer obras en O Barco - Couso (arranxo de pistas e para solucionar un problema de augas).

No que respecta ao Novo Mercado, di que se está a tratar dinamizar o mellor posible estas instalacións, para elo o Concelleiro delegado de Mercados sempre está en contacto cos praceiros co fin de motivar ao máximo, esperando que, pouco a pouco, se ocupen todos os seus espazos.

Toma a palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, **D. Xoán Reyes Villar**,



para preguntar se vai a haber algún tipo de actuación con respecto ao aparcadoiro para os camioneiros, xa que estamos ante un problema que afecta tantos a estes como á nosa veciñanza.

Pregunta cando se vai a pintar o tramo municipal da estrada de Souto de Veá, ademais de estar nunha mala situación.

En relación cos arcos colocados na rúa principal con motivo das Festas Patronais, pregunta se se van a quitar ou non.

En canto ao dito sobre a retransmisión das sesións plenarias, pregunta cando se vai a facer, dicindo que no Concello de Poio se puxo este sistema cun gasto de tan só de catro mil euros.

Sobre as multas impostas por Augas de Galicia a este Concello e que supoñen a cantidade de nove mil cincocentos euros en total, pregunta se se ten pensando facer algunha acción para evitar que nos sigan sancionando.

Por último, lembra que o seu grupo presentou unha moción pola que se propón crear humididades artificiais.

Lembra que somos o concello da comarca que ten a débeda máis grande, polo que pregunta que plan se ten para que esta débeda sirva para a realización de obras máis prescindibles, tales como saneamento, así como para que esta se reduza.

Salienta tamén que as árbores e os elementos de xardín da zona da Feira están en total abandono, de feito hai árbores xa mortos e outros a piques de estalo, polo que pregunta que plans se teñen para solucionar esta situación.

Pregunta como vai o procedemento de contratación do Enxeñeiro Técnico.

En canto aos problemas causados polos madeireiros en Santo André, que xa se expuxo no Pleno anterior, pregunta se xa se buscou algunha solución.

Reitera o tema manifestado tamén na sesión plenaria anterior, sobre se se ten pesado darlle por escrito as contas das Festas de San Paio, ou ben ten que presentar unha solicitude por rexistro.

O **Sr. Alcalde accidental** responde, en relación ao aparcadoiro para os camións, que se está facendo un estudo para situalo detrás da Estación de Autobuses e cunha iluminación axeitada para garantir a súa seguridade.

En canto á estrada de Souto de Veá, se vai a incluír dentro dun plan co fin de facer as actuacións oportunas.

Sobre os arcos de iluminación posto con motivo das Festas de San Paio, di que a empresa responsable está requirida para que proceda á súa retirada canto antes.

No relativo á retransmisión das sesións plenarias, informa que esta contratación



está xa adxudicada, esperando que a vindeira sesión xa poida ser retransmitida. Respondendo á pregunta sobre as árbores da Praza da Feira, di que esa obra está aínda en garantía, polo que se reclamou á empresa adxudicataria para que proceda a repoñer as árbores secas, ademais se vai a facer un mantemento das zonas de xardíns, consistentes na súa limpeza.

Informa tamén, que a convocatoria do proceso selectivo para a contratación do Enxeñeiro Técnico xa está feita e en proceso, esperando que pronto se cubra este posto.

Di que foi iniciado o procedemento de tramitación para actuar sobre os madeireiros que fixeron traballos en Santo André e reclamarlle que arranxen os danos causados, de feito a Policía Local xa emitiu informe de atestado ao respecto.

En canto ás contas das festas, tan pronto se poida se porán á súa disposición.

No que se refire ás multas impostas por Augas de Galicia, di que descoñece os motivos que causaron as mesmas, pero está seguro que se está a traballar para solucionar os problemas que as motivan. Informa que este organismo fai inspeccións cada seis meses e multa por vertedoiros que existan e, dende o Concello, se van solucionando, ou ben polos particulares responsables.

Intervén novamente o **Sr. Reyes Villar** para pregunta cal é o prazo para convocar a oposición da praza de Enxeñeiro Técnico, así como tamén reitera a pregunta de se existe algún plan para rebaixar a débeda.

Responde o **Alcalde accidental** que a convocatoria do posto de Enxeñeiro Técnico está en fase de formación do Tribunal cualificador e despois se abrirá o prazo para a convocatoria.

Di que se está a traballar no Orzamento municipal para o ano 2024, e haberá as Comisións Informativas correspondentes onde se poderá debater e discutir as cuestións oportunas.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (MOVETE), **Dna. Mar Blanco Casais**, para interpoñer os seguintes rogos:

- Que se proceda a arranxar o mal estado das nosas beirarrúas, en concreto a que vai á Estación de Autobuses, a que transcorre pola Rúa 24 e sube pola igrexa (concretamente a súa marxe dereita).
- Que se limpen os bancos da rúa 25 de Xullo.
- Que se proceda a recoller os restos de obras que se acumulan ao carón de contedores de lixo, en concreto no cruce que vai de Matalobos a Gendos.



- Que se repoña un punto de luz na parroquia de Loimil e que os veciños levan tres meses demandando, rogo que xa se fixo na sesión plenaria pasada e que os veciños trasladaron tamén á Alcaldía.
- Que se acondicione a Casa Escola de Loimil, actualmente en moi mal estado e que dificulta o seu uso pola veciñanza.

Así mesmo quere trasladar varias denuncias veciñais e que se traducen en demandas varias:

- Que se coloquen contedores de lixo nas festas para evitar a acumulación de lixo que se acumula na zona de celebración, así como que o persoal do concello revise os campos de festa despois de cada festa para proceder á súa limpeza.
- Que se solucione o problema da falta de cobertura de móbil na parroquia de Rivela, en concreto, que se axude aos veciños na súa demanda para que se repare este servizo; neste sentido, é sabedora que o Concello se puxo coa compañía de telefonía móbil e esta dixo que o problema se solucionaba con colocación dun repetidor, sen embargo non o puxo, polo que sería necesario que o Concello volva a instar á empresa para que subsane o problema.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde accidental** para dicir, en relación co estado das beirarrúas, estas se están a reparar pouco a pouco, en concreto á da Rúa 24 foi unha rotura ocorrida fai 3 semanas e se está a reparar.

No que respecta ao depósito de escombros ao carón dos contedores de lixo, di que é un punto moi recorrido pola xente que non quere levalos ao Punto Limpo e, cada tres meses, se vai a recoller; pero isto é un problema que pasa en varios puntos do noso concello.

No relativo ao punto de luz en Loimil, vaise a interesar polo tema mañá mesmo.

Sobre a acumulación de lixo despois dunha festa, informa que o Concello e as Comisións das Festas van da man, polo que estas últimas sempre que hai un evento piden contedores de lixo e que lle son facilitados; así mesmo, se incrementa o servizo de recollida de lixo de xeito que ao día seguinte da celebración se vai a recoller.

Por último, comprométese a reiterar a Telefónica a colocación do repetidor de telefonía móbil en Rivela.

O **Sr. Alcalde accidental** pregunta ao público asistencias se queren formular algunha pregunta ou rogo, en cumprimento do establecido no Regulamento de Participación Cidadá, previa presentación do Documento Nacional de Identidade;





non habendo, quere agradecer as palabras de condolencia do Sr. López Bueno polo falecemento de D. Manuel Rodríguez e Dna. Solicita, tan importantes para o grupo do Partido Popular e que deixan un gran penar pola súas ausencias.

Non habendo máis intervencións, procédese a levantar a sesión.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.

De todo o anterior faise cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

